

Publicacións periódicas

Desde o primeiro ano de vida de Nova Escola Galega, o seu Secretariado Galego editou o *Boletín Interno*^[1], fundamentalmente para os asociados e asociadas, mais procurando remitir algúns números a outros MRP de Galicia ou do Estado, ou a algunhas bibliotecas, así como a asociados/as de honra e algúns membros da Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna, entre eles Michel Barré e Mario Lodi.

Desde 2006, tanto por criterios informativos, como de carácter ecolóxico, deixou de editarse en papel, ao tempo que comezou a funcionar o sitio web www.nova-escola-galega.org (na actualidade www.neg.gal), ao coidado nos primeiros anos seguintes, en particular, dos profesores Paco Veiga, Xosé Lastra e Xoán Lourenzo. Pola información aí acumulada desde aquela, incrementada notablemente logo da informatización de grande parte da documentación ata alí xerada pola Asociación, converteuse actualmente nun espazo de información de grande relevancia no campo da información educativa. Na súa Intranet, os asociados e asociadas poden, ademais, acceder a suplementos de información, que poden ser voluminosos, como por exemplo, as Memorias anuais da vida da Asociación.

[1] O *Boletín Interno*, un instrumento de información sobre a vida da Asociación, do que se publicaron en papel 54 números (ata 2005), cunha tiraxe de ao redor de 350 exemplares por número, foi renovado en varios momentos da súa existencia, tendo sido organizado, entre outros, por Antón Costa, Manolo Bragado, Paco Veiga, Mariló Candedo, Ana Pose, Montserrat Castro e Manolo López. Retomouse esta iniciativa, de modo dixital en 2019, cunha directa implicación de Esther Vázquez, Camino Pereiro e Paco Veiga, con outras directas colaboracións.

De todos modos, en 2019 o Secretariado Galego decidiu retomar, ademais, a iniciativa de elaboración, de modo dixital, do *Boletín Interno*, cunha directa implicación de Esther Vázquez, Camino Pereiro e Paco Veiga, con outras directas colaboracións, en primeira instancia non como un modo de información sobre iniciativas e actividades, dada a presenza desta información no Web e nas memorias anuais da Asociación, senón máis ben como un espazo de comunicación que acolle puntos de vista, reflexións, memorias de vida escolar, suxestións e arelas, que poden expresar as e os asociados, sen ser necesaria a formalidade dun artigo de revista, pero permitindo percibir un sentimento, unha emoción, un desexo... e por isto os catro números xa existentes acollen textos 'que tamén configuran' a vida dun Movemento de Renovación Pedagóxica.

Noutra orde de cousas, é ben indicar que en diversos momentos da vida da Asociación tamén se editaron boletíns comarcais de NEG na Coruña e no Morrazo. Cómpre falar do boletín *Novapaz*, existente entre 1990 e 1998, do que foron editados 26 números cunha tiraxe de 800 exemplares, de ampla difusión en Galicia e fóra, en apoio dunha dinámica educativa moi atenta á educación nos valores da paz e na solidariedade internacional.

Xa se fixo referencia ao *Nova Escola Galega Opina*, un instrumento de comunicación lanzado dixitalmente e que é enviado aos centros educativos de Galicia, así como tamén ao *Boletín NovaPaz*.

Como consecuencia de 40 anos de actividades, Nova Escola Galega editou un considerable número de carteis (93 en papel e case outros tantos dixitais), así como dípticos/trípticos e tarxetóns (en cifra que soborda os 250), sendo as series máis numerosas as de Educación para a Paz, Materiais e recursos didácticos, Escolas de Verán, Memoria histórica, Normalización do Galego e Pé de Imaxe, dentro dunha gama de diferentes temáticas, incluíndo, por exemplo, os tarxetóns de felicitacións de Nadal.

Un lugar sinalado é o da *Revista Galega de Educación*, da que falaremos de seguido.

